

PRÓLOGO PLAN TERRITORIAL DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CAMGAL).

Que Galicia atopou no mar boa parte da súa fortuna é un feito que ninguén discute. Sería pola situación no *Finis Terrae* ou por unha vocación mariñeira senlleira, pero os galegos como pobo botámonos ao mar coma unha fonte de camiños e de avances, conseguidos unhas veces por iniciativa propia e indo na súa busca e outras deixando que os mares nos trouxesen persoas doutros lares que aquí atoparon a súa terra de asentamento ou comercio.

Foron centos de anos nos que a nosa sociedade forxou un vínculo co océano que fai que a nosa relación teña unha fortaleza que a converte en indisoluble. Ter unha situación xeográfica estratéxica na fachada atlántica europea, a medio camiño entre o norte e o sur de Europa e sendo porta de entrada de América, supón un elemento de importancia que nos fai ser especialmente coidadosos con esta relación. Amais, que máis de 25.000 galegos e galegas deixen o seu tempo de traballo nas augas e ribeiras do noso mar acrecenta esta importancia da nosa atención ao mar e aos sucesos que nel ocorren.

Neste senso, non todo nesta relación foron aspectos positivos. No maxín colectivo quedan gravados moitos episodios de desventurosos acontecementos que deixaron un pouso de afectación na nosa sociedade e no noso contorno, achegando tamén exemplos dun valor engadido á tradicional solidariedade das xentes do mar ante estes sucesos.

Como tal, e en canto a que non queremos debilitar ese lazo co mar de cara ao futuro, debemos estar preparados para afrontar tamén a cruz desa ligazón, evitando que a peaxe que o océano nos quere cobrar de forma periódica se minimize e elimine. Para tal fin a Xunta de Galicia, de forma coordinada coas administracións do Estado e da Unión Europea, veu desenvolvendo un amplo plan de dotación de medios humanos e técnicos que, agrupados na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, traballan día a día para que os dispositivos de salvamento da vida humana no mar e de loita contra a contaminación teñan éxito cada vez que é necesaria a súa asistencia.

Mais hai veces, e cumprida lección obtivemos, nas que todos os medios se revelan necesarios, chegando incluso a precisar das mans voluntarias da sociedade e dos recursos doutras administracións. En tales ocasións é imperativo estar coordinados e saber que tarefa e en que medida ten que actuar cada unha desas estruturas cos seus medios humanos e materiais. É aquí onde entra en xogo o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (CAMGAL), que xurde da posta en relación dos plans aprobados en 2004 e 2006 cos avances xurídicos, técnicos e procedimentais acaecidos neste tempo.

Neste senso, aos coñecementos e disposicións previos súmanse agora as pezas que se foron conformando nestes anos tras o desenvolvemento de proxectos europeos grazas aos cales o saber intercambiado con outros países e rexións é tamén aplicado en Galicia. A estes é tamén factible arrimar os avances tecnolóxicos, fundamentalmente no eido dixital, que facilitan a toma de decisións ao achegar unha información vital na interpretación e proxección dos feitos.

Este plan define, pois, un conxunto avanzado de normas e procedementos básicos de actuación, así como contempla a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental, que se produza ou afecte ao litoral da nosa comunidade. O principal obxectivo é obter a máxima protección para as persoas, o medio ambiente e os bens que resulten ou poidan resultar afectados en calquera continxencia derivada dun episodio de contaminación mariña accidental.

Con el, e facendo firme ese avance, lógrase unha maior cobertura do risco, simplifícase a estrutura dos órganos de resposta e obtense unha maior definición e cobertura dos procedementos de actuación, alén de estender a coordinación e planificación aos eidos locais. A maiores, o CAMGAL amplía a capacidade e disposición de información para dar unha resposta máis axeitada en cada momento e establece os mecanismos necesarios para dotar de maior dinamismo á posibilidade de actualización técnica do plan.

Todos estes avances e melloras teñen como elemento catalizador o importante traballo desenvolvido neste tempo polo persoal do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e pola propia subdirección xeral de Gardacostas de Galicia, a quen quero facer un especial agradecemento e sumalo ao que debo realizar ao da administración autonómica e estatal que colaborou tamén na mellora deste plan.

Mais permitíndeme que finalice as liñas deste limiar facendo fincapé no principal elemento que recolle o CAMGAL, e que non é outro que facer práctico aquilo que sempre fixo o pobo galego por vir marcado no seu código xenético: xuntar esforzos e traballar xuntos. Por iso, sabemos que si as circunstancias dun accidente contaminante no medio mariño o fixeran necesario, e agardamos que non sexa así, temos á man esta ferramenta que nos axudará a dar unha mellor e máis coordinada resposta o que, sen dúbida, redundará no beneficio de Galicia, da súa sociedade, do seu contorno e da súa relación co mar.

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar